

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 29 de novembro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno do tramo de concentración de accidentes na estrada PO-549, punto quilométrico 8+000 a 9+800, de clave PO/17/143.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no entorno de TCA na estrada PO-549, p.q. 8+000 a 9+800, de clave PO/17/143.06. O ámbito de actuación sitúase entre os p.q. 8+000-9+400 na estrada PO-549 (Vilagarcía de Arousa (PO-301)- Cambados (VG-4.3), nos concellos de Vilanova de Arousa e Cambados.

Este proxecto ten por obxecto definir, xustificar e valorar as obras necesarias para levar a cabo unha serie de actuacións que permitan evitar ou mitigar a accidentalidade que se vén producindo nos últimos anos no treito considerado.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

- Mellora das interseccións máis importantes do treito de estudo e principalmente naquelas en que se teñan producido accidentes.
- Restrición ou delimitación de prazas de aparcadoiro nas proximidades de interseccións e/ou accesos.
- Mellora de seguridade viaria nas paradas de bus e pasos de peóns.
- Mellora da sinalización e balizamento.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública,

CVE-DOG: xypywqv3-ilu3-ebm0-xr34-ckd33qa1xxf0



durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (r/ Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), e na Casa do Concello de Vilanova de Arousa (pza. do Concello, 1, 36320 Vilanova de Arousa, Pontevedra), e na Casa do Concello de Cambados (pza. do Concello, 1, 36630 Cambados, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: xypywqv3-ilu3-ebm0-xr34-ckd33qa1xxf0





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno da TCA na estrada PO-549, p.q. 8+000 a 9+800

Clave: PO/17/143.06

Concello de Vilanova de Arousa.

Nº	Referencia catastral	Titular	Clasificación NNSS	Uso	Superficie catastral total (m²)	Superficie solo afectado	Bens afectados	
							Tipoloxía	Medición
1	36061A02000119	González Resúa, José Benito	Núcleo rural trad.	Agrario	52	26	Vimbios	26 m²
2	36061A02100085	Pintos Rey, Mª Milagro	Núcleo rural trad.	Agrario	236	25,56	Recuamento portón	1 ud
							Recuamento portón peonil	1 ud
							Balaustrada e muro de pedra	18 m²
							Contador	1 ud
3	36061A02100086	Janeiro Leiro, María	Núcleo rural trad.	Agrario	339	18,03	Recuamento portón	1 ud
							Balaustrada e muro de pedra	18 m²
4	36061A02100094	Paz Gestoso, Nieves	Núcleo rural trad.	Agrario	1.595	35,41	Pozo	1 ud
5	36061A02100087	Valle Leiro, Manuel	Núcleo rural trad.	Agrario	550	139,7	Árbores froiteiras	20 ud

Concello de Cambados.

Nº	Referencia catastral	Titular	Clasificación NNSS	Uso	Superficie catastral total (m²)	Superficie solo afectado	Bens afectados	
							Tipoloxía	Medición
6	5692515NH1059S	Núñez Mosquera, Mª Pilar	Núcleo urbano	Residencial	453	47,52	Muro de pedra	15,50 m²



CVE-DOG: xypywqv3-ilu3-ebm0-xr34-ckd33qa1xxf0



XUNTA
DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Nº	Referencia catastral	Titular	Clasificación NNSS	Uso	Superficie catastral total (m²)	Superficie solo afectado	Bens afectados	
							Tipoloxía	Medición
7	5692516NH1059S	Núñez Mosquera, Ramón e outros	Núcleo urbano	Residencial	255	66,82	Muro de pedra	6 m²
							Recuamento contador	2 ud
							Recuamento portón	1 ud
8	5691704NH1059S	Ferreiro Portas, David	Núcleo urbano	Residencial	132	40,42	Peché metálico	13,50 m
							Árbore ornamental	2 ud
9	5691705NG1095S	Casaldornos Piñeiro, Mª Esther	Núcleo urbano	Residencial	825	12,35	-	-
10	5690815NH1059S	González Marqués, Irene e outros	Núcleo urbano	Residencial	236	10,05	Muro de bloque	5,5 m²
							Peché metálico	5,5 m²
							Recuamento portón peonil	1 ud
11	5686121NH1058N	Lois Losada, Servando	Núcleo urbano	Industrial	1.118	32,14	Edificación	3.214 m²
12	5686120NH1058N	Piñeiro Otero, José Vicente	Núcleo urbano	Almacén Estac.	83	83	Edificación	83 m²
13	5686114NH1058N	Santos Portas, Benito	Núcleo urbano	Residencial	806	34,29	Recuamento contador	1 ud
							Muro de bloque	3 m²
14	5686125NH1058N	Trigo Daporta, Manuel	Núcleo urbano	Sen edificar	176	5,95	Muro de bloque	16 m²
15	36006A00600287	Desconocido	Non urbanizable	Agrario	4.676	8,5	Muro de bloque	13,50 m²



DOG

Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 244

Mércores, 27 de decembro de 2017

Páx. 58470